

CIRCULAR INFORMATIVA CURSO 2016-2017

Estimados pais/nais:

Como en cursos anteriores, neste comezo de curso, envíolle esta circular co fin de informalos das normas xerais que deben recordar.

1.- ATENCIÓN ÁS FAMILIAS:

Directora: Todos os días de 9:00 a 9:50 horas., e sempre que sexa necesario, durante o horario lectivo.

Xefe de Estudos: Todos os días de 9:00 a 9:50 horas.

Secretaría: Estará aberta de 9:00 a 14:00 horas todos os días lectivos.

2.-CALENDARIO ESCOLAR:

O calendario lectivo para os alumnos comprende dende o día 12 de setembro de 2016 ata o 23 de xuño de 2017 (ámbolos dous inclusive).

-Vacacións de Nadal: Dende o 22 de decembro de 2016 ata o 6 de xaneiro de 2017, ámbolos dous inclusive).

-Entroido: 27, 28 de febreiro e 1 de marzo de 2017.

-Semana Santa: Dende o 10 ata o 17 de abril, de 2017, (ámbolos dous inclusive).

-Día do ensino: 31 de outubro de 2016, (non lectivo).

3.- AVALIACIÓNS:

-Primeira avaliación: Xuntas de avaliación: 5, 12 e 19 de decembro de 2016.

Entrega de notas o 21 de decembro.

-Segunda avaliación: Xuntas de avaliación: 20, 27 de marzo e 3 de abril de 2017.

Entrega de notas o 7 de abril.

-Terceira avaliación: Xuntas de avaliación: 5, 12 e 19 de xuño de 2017.

Entrega de notas o día 23 de xuño.

4.- NORMAS XERAIS:

a/ ATENCIÓN DOS TITORES ÁS FAMILIAS:

As titorías dos pais/nais e titores legais dos alumnos co Profesorado do Centro, serán os luns de 16:00 a 17:00 horas nas respectivas aulas dos alumnos.

Para unha mellor organización, deben solicitar a entrevista con antelación.

Se por motivos xustificadas non poden vir o luns, poñeranse en contacto co centro para fixar outra hora.

b/ ACCESO Ó CENTRO:

MAÑÁS:

-O horario de entrada é ás 9:00 h., e o de saída é ás 14:00 horas.

- As entradas e saídas son pola porta principal que se abrirá ás 8:45 h. ata as 9:10 h., e de 13:45 h. a 14:10 h.

-Ábrese, tamén, a porta que está casi pegada á entrada do pavillón, de 8:50 h. a 9:10h, e de 13:50h. a 14:10 h.

-Rógase puntualidade. Deberá xustificarse calquera retraso, asinando no caderno habilitado para este fin, que se atopa na entrada da biblioteca.

Teñan en conta que, os alumnos que chegan tarde interrompen o desenvolvemento da clase aos compañeiros e eles mesmos perden parte da actividade lectiva.

Aos que cheguen tarde reiteradamente, abríraselles o PROTOCOLO DE ABSENTISMO segundo se contempla nas normas da Consellería de Educación. Este protocolo será comunicado tamén, aos servizos sociais correspondentes.

TARDES:

-Porta principal:

Ábrese ás 15:50 h. e cérrase ás 18:10 h.

-No horario lectivo de 9:00 h. a 14:00 h., co fin de non interferir no normal funcionamento das clases, está prohibido subir ás aulas.

-Ademais está prohibido subir ás aulas e ás plantas superiores, en horario de tarde. Tan so está permitido subir para entrevistas cos titores.

-Recordamos que os pais/nai de Infantil, deben atender as indicacións dos profesores para a formación de filas e a entrega dos nenos/as.

-Se un alumno necesita saír do centro en horario lectivo, recordade que debe recollelo un adulto, que se identificará e firmará no correspondente libro de saídas habilitado na Secretaría.

-Tanto na saída ás 14:00 horas como á saída do comedor, os alumnos entregaranse aos seus pais/nais, ou persoa adulta autorizada polos mesmos.

-Lémbrese a toda a Comunidade Escolar que non se pode entrar no recinto escolar con animais, e pedimos tamén colaboración para que o patio estea limpo, procurando non tirar lixo ao chan.

c/ CONVIVENCIA:

Segundo consta no Regulamento de Réxime Interno do colexio, os alumnos non traer teléfono móbil ao centro. Se por unha circunstancia puntual necesitaran traelo, deixarano na secretaría ata a hora de saída.

-Non están permitidos tampouco, os reprodutores de música, xogos non didácticos e outros obxectos punzantes ou perigosos.

5.-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Estas actividades son promovidas pola ANPA e recordamos a importancia que para unha formación integral do alumnado teñen. Hai moitas para escoller e son ofertadas para todas as idades.

6.- USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO:

As instalacións exteriores, recinto escolar e pistas polideportivas, son para uso dos alumnos matriculados no Colexio. Polo que, estes espazos, únicamente poden ser utilizados polos alumnos que participen en actividades extraescolares que figuren no Plan Xeral Anual.

7.-BIBLIOTECA ESCOLAR:

A biblioteca do colexio estará aberta de 16:00 a 18:00 horas, de martes a venres, e atendida polo profesorado do centro.

É exclusivamente para uso dos alumnos do colexio e para actividades de lectura e consulta exclusivamente.

Un cordial saúdo,

O Equipo Directivo

